



Caldo publica mañá, venres 12, 'Lugar A Ponte', o seu álbum máis íntimo

O novo traballo discográfico do trío é unha proposta moderna e potente, ateigada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas

Producido da man de Alberto Cernadas (crnds), 'Lugar A Ponte' mantén a esencia do Caldo orixinal, mais incorpora novas texturas e atmósferas á súa sonoridade

O disco, que leva o nome do lugar no que agromou o proxecto musical e que procura á vez esbozar a idea de fogar, acompañarase dunha coitada edición física que incluírá dez láminas ilustradas por Marte Martinka e textos de Petra Porter



María Jorge, Pedro Fariñas e Anaïs Barbier son Caldo © Aviión

11 de maio de 2023- *Lugar A Ponte*, o novo traballo discográfico de **Caldo**, verá a luz ás 00.00 horas deste venres 12 de maio [nas principais plataformas dixitais](#). O segundo álbum do trío conformado por **Anaïs Barbier, María Jorge e Pedro Fariñas** é unha proposta íntima, moderna e potente, ateigada de honestidade e de responsabilidade tanto coa tradición coma con elas mesmas. Con *Lugar A Ponte*, producido e gravado man a man con Alberto Cernadas (crnds), Caldo abre paso e reivindica o seu espazo no panorama actual coma unha das agrupacións imprescindibles á hora de entender a renovación e posta en valor da música tradicional a través da experimentación sonora.



Lugar A Ponte é un disco profundo e persoal no que o trío comezou a traballar desde o confinamento para perfilar, durante tres anos, o traballo que mañá verá a luz e que leva por nome o fogar onde o propio Caldo agromou: o Lugar A Ponte, na comarca do Val Miñor. Neste álbum, dos que **cinco temas son instrumentais**, Caldo déixase levar a través doutras estéticas para que os seus temas tomen camiños imprevistos. O trío incorpora **novas texturas e atmósferas á súa sonoridade, mais sen renunciar á súa identidade, que agroma e bebe da tradición** -e inclúe no LP gravacións ao vivo coma nos seus inicios, nos temas - 36388, nomeada así en referencia ao código postal de Lugar A Ponte, ou *Arroz, ovos e solís*-.

Alberto Cernadas acompañou ás creadoras nun longo proceso no que integraron novas capas, á vez que procuraban estéticas marcadas para definir esta etapa, **máis madura, honesta e cavilada**. Entre as novidades deste traballo, salienta a **escasa presenza da percusión**, que só aparece a través da pandeireta en temas como *Cáncaro d'abril* -peza que abre o disco, e na que tocan o sacho- ou 36388.

Alén do salto na produción en comparación co primeiro álbum, *Caldo* -gravado en directo-, outra das principais novidades con respecto daquel disco homónimo é que, alén da intervención ou adaptación de letras tradicionais, **Caldo incorpora lírica propia en Lugar A Ponte**. Son textos coidados que asina Anaís Barbier, notas que se xuntan a outras que o trío reinterpreta para narrar as historias que falan dun momento de cambio, dun vínculo, dunha perda ou dunha relación. Son, ao cabo, episodios vitais que conforman un álbum que fala, dalgún xeito, das sensacións dentro do fogar, da procura dese lugar ou núcleo que se constrúe paseniño, da man da contorna máis próxima e querida.

Colaboracións

Ao igual que as melodías e as letras, Caldo tamén terma da presentación desde segundo LP ao contar coa **colaboración doutras artistas**. Alén da produción, gravación e mestura de **Alberto Cernadas**, que tamén é instrumentista (guitarras ou sintetizador) en *Xuntas ou Outro lugar*, o trío suma as colaboracións de **German Díaz** (zanfona en *Arroz, ovos e solís*), **Luis Peixoto** (mandolina en *Chulinha das Cacharelas*), **Diego Alonso** (saxo soprano en 36388) e Claudia Abril, Flor Díez e Marta Collazo (pandeiretas en 36388). Ademais, **na coidada edición física do álbum, que verá a luz nas vindeiras semanas**, Caldo conta co traballo da escritora e artista **Petra Porter**, responsable dos textos que contextualizan cada tema, e o da ilustradora **Marte Martinka**, quen é a autora tanto da portada como das ilustracións que acompañarán, en forma de lámina, todas e cada unha das dez pezas que forman parte deste **Lugar A Ponte**.

Caldo

María Jorge (violín), Anaís Barbier (voz e pandeireta) e Pedro Fariñas (guitarra e gaita) son Caldo, o trío que achega a música tradicional a contextos sonoros contemporáneos a través da experimentación cos propios instrumentos. Premiadas co galardón ao **Mellor proxecto de música folk** nos **Premios Martín Códax da Música (2020)** e **gañadoras do concurso Fran Pérez 'Narf' da Deputación da Coruña (2020)**, as creadoras de Caldo integran melodías tradicionais galegas e composicións propias con influencias das músicas europeas e atlánticas, unha fusión natural que vai directa ao sentir do público.



TRACKLIST DE LUGAR A PONTE

1. **Cáncaro d'abril** (letra: Anaís Barbier / tradicional)

Ribeirana da aña de Gargamala. Recollida por Xandre Outeiro e Guillermo Ignacio Costa ás informantes María e Lola da Coruñesa (Lugar do Barral), Carme de Marcelina, Rosa de Lisa e Lola do Coxo (Lugar do Barro).

Voz, sacho e pandeireta: Anaís Barbier / Guitarra: Pedro Fariñas / Violín: María Jorge / Coros: María Jorge e Pedro Fariñas.

2. **Valmiñocas** (Pedro Fariñas)

Violín: María Jorge / Guitarra e mandolina: Pedro Fariñas / Sinte: crnds.

3. **Cinzas** (Letra: Anaís Barbier)

Melodía baseada nunha xota de San Cibrán de Ribarteme (As Neves) recollida por Xisco Feijoo á informante Argentina Martínez.

Voz: Anaís Barbier / Guitarras: Pedro Fariñas + crnds / Violín: María Jorge / Coros: María Jorge e Pedro Fariñas

4. **Chulinha das Cacharelas** (Pedro Fariñas e María Jorge)

Violín: María Jorge / Guitarra: Pedro Fariñas / Mandolina: Luís Peixoto + Pedro Fariñas.

5. **O que fomos** (letra tradicional adaptada por Caldo)

Ronda de Mangüeiro. Recollida en Abelenda (Avión) por Felisa Segade e Montse Rivera.

Voz: Anaís Barbier / Violín: María Jorge / Guitarra e gaita: Pedro Fariñas / Sinte: crnds.

6. **Arroz, ovos e solís** (Pedro Fariñas)

Gravado en directo. Violín: María Jorge / Guitarra: Pedro Fariñas / Zanfona: Germán Díaz.

7. **Lía** (María Jorge)

Violíns e viola: María Jorge / Guitarra e gaita: Pedro Fariñas.

8. **Xuntas** (x crnds)

Xota da aldea de Laxoso (Pontecaldelas) recollida por Xisco Feijoo á informante Áurea Adán.

Voz: Anaís Barbier / Sinte: crnds.

9. **36.388**

Xota da aldea de Moscoso (Pazos de Borbén) recollida por Xisco Feijoo ás informantes Rosa e Aida Garrido.

Gravado en directo. Voz: Anaís Barbier / Guitarra: Pedro Fariñas / Violín: María Jorge / Saxo Soprano: Diego Alonso / Pandeireteiras: Claudia Abril, Flor Díez, Marta Collazo.

10. **Outro lugar** (Pedro Fariñas)

Guitarra e gaita: Pedro Fariñas / Sinte: Pedro Fariñas, María Jorge / Produ: crnds.

Contacto de prensa Caldo

The Office Comunicación. Lucía Pita | 675 404 321 | lucia.pita@theofficeco.es

Descarga aquí o [kit de prensa de Caldo](#)

Management & Contratación

Nave de Lata Cooperativa Cultural. Aitana Cuétara | 646 16 50 44 | aitana@luneda.gal